

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP DE PRÁCTICAS

A CORUÑA



# PLAN DE CONVIVENCIA

## CEIP DE PRACTICAS

### ÍNDICE:

1.INTRODUCCIÓN.

2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN.

3.ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO.

4.ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA.

5.PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

6.NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

7. ESTABLECEMENTO DE CONDUCTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA E PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA A DETECCIÓN DAS MESMAS.

8.NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓ DE CONVIVENCIA.

9.DIFUSIÓN DO PLAN.

10.SEGUIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.

## 1.INTRODUCCIÓN

Na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015 que a desenvolve, establécese que os centros educativos deben elaborar un Plan de Convivencia no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

Este plan terá como finalidade:

a) Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

## **2. ANÁLISE E DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DE CONVIVENCIA NO CENTRO**

### **2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E O SEU CONNTORNO**

O noso centro está localizado nunha zona céntrica da cidade da Coruña. O alumnado pertence maioritariamente a familias de clase media urbana.

O noso edificio pertence á UDC e é bastante antigo, o que fai que o conxunto das instalacións necesitarían algunhas reformas.

Os puntos débiles do edificio son a accesibilidade, a entrada e a falta de espazos. En concreto temos tres plantas con moitas escaleiras e algúns dos espazos básicos de uso común están no piso superior (biblioteca, aula de música, aula de AL,...). O acceso ao centro faise por unha única porta á que se accede por escaleiras e rampla (lugar onde fan as filas e agardan para entrar os alumnos e alumnas). Os corredores son tamén estreitos. Os espazos son moi reducidos en xeral: as aulas que non permiten un uso dinámico. do espazo, os aseos dos máis pequenos (escasos e obsoletos),...

Entre os puntos fortes podemos destacar o patio de recreo, moi amplo e con moitas posibilidades para o alumnado no seu tempo de lecer (pistas de fútbol, campo, xogos para os pequenos, etc...).

Sen embargo, en época de choiva, enchárcase moito o que fai que os rapaces e rapazas podan mollarse con facilidade.

A nosa escola é dunha única liña e contamos con aproximadamente 223 alumnos/as, 16 profesores/as, unha orientadora, unha coidadora, unha conserxe e o persoal de limpeza. De modo que é un centro pequeno no que nos coñecemos todos. Algunhas das aulas están por enriba da ratio de 25.

Contamos cun ANPA que xestiona o comedor, o programa Madrugadores, as actividades extraescolares que se desenvolven en horario de tarde e colabora co equipo directivo na organización dalgunhas outras actividades ou celebracións.

### **2.2. ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

Estamos pendentes de facer unha nova enquisa sobre o estado da convivencia no centro (esperamos unha posible nova apertura da aplicación oficial correspondente para participar nela).

En xeral, podemos afirmar que o alumnado no é moi conflictivo e a convivencia no centro presenta a problemática habitual. Existen escasos comportamentos disruptivos nas aula, conflitos que teñen

lugar entre o alumnado especialmente na hora do recreo e durante as entradas e saídas a este (pequenas pelexas, insultos aos compañeiros,...) Por este motivo, xa se organizaron cambios nas normas do patio e considérase a vixilancia no patio como fundamental. Sen embargo, hai outras medidas preventivas que deberían aplicarse e que serán tratadas no presente plan.

Observamos ademais como o tema das novas tecnoloxías comeza a crear novos problemas que non existían previamente. Referímonos especialmente ao tema do manexo e uso que se fai dos grupos de whatsapps de pais e nais -están causando malentendidos e informacións erróneas sobre o colexio e que, en moitas ocasións, levan a avivar conflitos ou a iniciar outros que non existían-, ao uso dos móbiles nos máis maiores e das redes sociais. Pensamos que é un tema a tratar nas titorías tanto coas familias como co alumnado. Deberíamos ofrecer a toda a comunidade educativa información, orientación e/ou formación sobre os perigos das novas tecnoloxías.

### **3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

- a) Conseguir a integración de todo alumnado do centro sen ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, identidade e orientación sexual ou calquera outra condición.
- b) Garantir un ambiente de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación.
- c) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- d) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- e) Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- f) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- g) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- h) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

i) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro.

#### **4.ACTUACIÓNS, PROGRAMAS E MEDIDAS PARA MELORAR A CONVIVENCIA**

##### **4.1. ESTABLECEMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

Primeiramente, para conseguir os obxectivos previstos, toda a comunidade escolar deberá ser coñecedora das normas de convivencia do centro establecidas nas NOF (a partir do establecido na Lei 4/2011 e Decreto 8/2015 sobre convivencia escolar). As aulas terán unhas normas básicas comúns a todo o centro que deberán tamén ser coñecidas e respectadas. Serán os titores/as fundamentalmente os que favorezan o coñecemento destas. Por parte das familias, a través das sesións grupais de tutoría no inicio de curso e nas aulas co alumnado, dedicándolle determinadas sesións específicas ao coñecemento e reflexión sobre estas normas.

##### **4.2. MEDIDAS PREVENTIVAS E PARA A DETECCIÓN DA CONFLICTIVIDADE**

###### **4.2.1.ACTIVIDADES PARA FACILITAR A PARTICIPACIÓN E INTEGRACIÓN DO ALUMNADO**

a) Plan de acollida de alumnado de novo ingreso: O centro conta cun Plan de acollida que pretende facilitar a adaptación do alumnado de 4º de EI. Este plan inclúe unha primeira reunión en xuño e unha segunda en setembro/outubro. Ao longo destas reunións danse todas as pautas necesarias para unha boa integración e o coñecemento das normas e o funcionamento do centro.

Para o alumnado e as familias que se incorporan en cursos posteriores haberá reunións coa orientadora do centro e co titor/a correspondente para recoller información relevante do/a alumno/a e para informar das normas e funcionamento do centro. Deberían realizarse tamén actividades co grupo clase para favorecer a integración. En todo caso se actuará segundo o disposto no PAT.

Existe ademais un Plan de acollida para o alumnado procedente do extranxeiro (inclúe: protocolo de acollida, entrevista coa e o alumno/a, información á familia, detección de necesidades, etc.)

b) Coñecemento por parte do alumnado das normas, especificación de dereitos e deberes e correccións, no seu caso. Para este fin utilizaranse tempos dedicados á tutoría.

c) Estableceranse accións dirixidas a incidir na educación en valores e na mellora do entorno físico:

organización do xogo no patio durante algúns recreos, organizar outro tipo de actividades tales como grupos de recollida de lixo e vixilancia para que o alumnado coide os espazos de xogo...

d) Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial

#### 4.2.2. ACTIVIDADES PARA FAVORECER A RELACIÓN FAMILIA/ESCOLA

a) Coñecemento das normas do centro por parte das familias. Daranse a coñecer a través de:

- As reunións iniciais e tamén outras periódicas.
- As entrevistas individuais.
- Outros medios que se determinen: folletos, circulares, etc.

b) Participar en actividades conxuntas coa ANPA

c) Información sobre acoso/intimidación/abuso entre iguais e medidas. Esta información se proporcionará tanto en reunións grupais coma individuais. Pero tamén a través de documentos que inclúan suxestións e indicacións como as que seguen:

- Se o seu neno ou a súa nena sofre acoso/abuso na escola, tratar de escoitalo/a con calma para que explique o que está a ocorrer, sen recriminacións.
- Comunicarlllo ao profesorado titor en primeira instancia para que poida adoptar medidas, despois poñerase en coñecemento da dirección do centro e, se procede, ao Departamento de Orientación.
- A comprensión na casa é esencial para afrontar os feitos, pero non a sobreprotección. Do que se trata é de fomentar a confianza en si mesmo/a.
- Se nos preocupa que o noso fillo ou filla sexa un agresor/a, é importante falalo para valorar as súas relacións, sempre sen agresividade.
- Asumir a responsabilidade de coñecer se o noso fillo ou filla están molestando a outros nenos ou nenas.
- Tratar de traballar e inculcar o respecto cara aos demais co noso fillo ou filla.
- Informar ao centro do que está a facer na casa para axudar ao alumno/a.



#### 4.2.3. ACTIVIDADES PARA A SENSIBILIZACIÓN FRONTE AO ACOSO E INTIMIDACIÓN ENTRE IGUAIS.

- Poderemos tratar de forma sistematizada no contexto da titoría tarefas que incidan no ámbito das habilidades sociais, na reflexión sobre condutas de acoso, maltrato entre iguais, illamento, etc..
- O Departamento de Orientación poderá elaborar e propoñer programas de habilidades e competencias sociais.
- Participarase no Plan Director de Convivencia (charlas dirixidas ao alumnado e á comunidade educativa sobre acoso, perigos das redes sociais, etc.. impartidas por expertos membros da policía).
- Outras actividades dirixidas ao alumnado sobre navegación segura en internet e uso responsable das novas tecnoloxías.

#### 4.2.4 MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CENTRO E ESPECIALMENTE DOS ESPAZOS E TEMPOS CONSIDERADOS DE RISCO

Nas NOF establécense unha serie de normas e medidas organizativas que pretenden minimizar as situacións de risco e prever os conflitos. Isto faise a través do establecemento de normas para utilización de espazos, organización de entradas e saídas, recreos, cambios de clase, etc... Todo isto ten entre as súas finalidades a mellora da convivencia no centro.

En concreto, os patios e as entradas e saídas a estes considéranse dos momentos máis conflictivos polo que deberá actuarse segundo o previsto nas normas e o profesorado será moi coidadoso na vixilancia de cara a detectar situacións problemáticas.

#### 4.2.5. ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES PARA PREVIR POSIBLES SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a prever todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia

escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e das situacións de violencia entre os rapaces e as rapazas.

A coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Algunhas das accións que podemos sinalar neste marco serían:

- Igualdade de trato entre o alumnado en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos e actitudinais).
- Utilización dunha linguaxe non sexista no que se visualice e contemple o xénero feminino (na oralidade e nos documentos do centro).
- Criterios de selección de textos e materiais curriculares que teñan un tratamento equilibrado dos xéneros e que non sexa sexista en canto a imaxes, linguaxe, roles e currículo oculto.
- Tratar de realizar actividades de divulgación ou formación sobre coeducación dirixidas á comunidade educativa (charlas, talleres,...)
- Abordar o tema da violencia contra as mulleres como un tema de grande importancia social que debe ser combatido dende todos os ámbitos posibles.

#### 4.2.6. ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO, IDENTIDADE E ORIENTACIÓN SEXUAL, RAZA, PROCEDENCIA E CONDICIÓNS PERSOAL OU SOCIAL.

Hoxe en día vivimos nunha sociedade cada vez máis plural. Por iso, deberemos organizar actividades dirixidas a coñecer e aceptar a diversidade que nos rodea (multiculturalidade, diferentes situacións en relación co xénero e opcións sexuais,...). Este é un tema a tratar na escola e sería desexable contar con materiais específicos para traballalo e facer fronte ás novas situacións.

En definitiva, debemos educar nos valores democráticos da tolerancia, o respecto, o diálogo e a resolución pacífica de conflitos. Na escola celebraremos sempre dalgún xeito datas tales como : Día

Internacional contra a Violencia de Xénero, Día Internacional da Muller, Día da Paz, etc...

#### 4.2.7. OUTRAS MEDIDAS E PROGRAMAS A TER EN CONTA

##### ▪ MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO:

No centro dispoñemos dun Plan de Atención a Diversidade que trata de organizar diferentes situacións tales como a atención a alumnado procedente do estranxeiro, atención do alumnado con condutas disruptivas graves, etc..

##### • PAT (PLAN DE ACCIÓN TITORIAL)

No PAT recóllense accións coas que se pretende promover valores de convivencia, con referencias explícitas a:

- Favorecemento da integración do alumnado no grupo.
- Contribución á formación do alumnado en relación con resolución de conflitos, toma de decisións, así como coa tolerancia, respecto,....
- Promoción da participación das familias, asesorándoas e informándoas naquilo que poden colaborar en relación cos seus fillos e fillas: autonomía, valores, normas...
- Sería interesante poder contar con algunha sesión fixa de tutoría durante o horario lectivo para poder tratar algúns dos temas contemplados neste Plan de Convivencia.

##### • “BUZÓN”

Instalarase no colexio un “buzón” onde o alumnado poda aportar suxerencias, queixas, problemas,... O buzón será un instrumento para poder canalizar estas necesidades ou problemas sentidos.

##### • PROHIBICIÓN DA UTILIZACIÓN DE XOGUETES BÉLICOS NA ESCOLA

O alumnado evitará traer calquera tipo de xoguete bélico (pistolas e outras armas de xoguete, etc). En caso de traelo o profesorado gardarao ata a hora de saída da escola xa que non se poderá utilizar nos epazos escolares.

- PARTICIPACIÓN NO PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E A MELLORA DA SEGURIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS E NOS SEUS CONTORNOS.

Esta actividade ven sendo ofertada cada curso aos centros educativos e vai dirixida ás familias, profesorado e alumnado de 5º e 6º de E.P. A oferta de temas para abordar é variada: acoso escolar, novas tecnoloxías, drogas e alcol, violencia de xénero, etc. As charlas son impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

### **4.3. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS DE FORMA AUTÓNOMA**

Con esta estratexia preténdese que o alumnado que ten un conflito aprenda a solucionar o tratando de chegar a un compromiso.

#### **Consideracións previas:**

- O titor/a valorará a posibilidade de que o alumnado poida poñer en práctica o procedemento. Valorarase se é conveniente que o fagan no momento do conflito ou resulta unha mellor opción pospoñer a posta en marcha da actuación.
- Deberemos ter en conta que as persoas implicadas acepten participar.
- Deberemos ter traballado co alumnado unha pauta para que a teñan interiorizada.
- Pode ser necesaria a presenza dun observador/a. Esta persoa poderá ser un adulto ou un neno ou nena.
- A utilización deste procedemento non implica que non se apliquen as consecuencias que estean estipuladas para a falta cometida, se é o caso.

#### **Pasos a seguir polo alumnado:**

1. Explicamos o nosos punto de vista respectando unhas normas.

- Escoito á outra persoa sen interromper.
- Falo sen ofender nin insultar.
- Describo o que pasou.
- Expoño o motivo polo que respondín como o fixen.
- Digo o que quería conseguir.

- Digo o que conseguín.
- Explico como me sinto.

2. Proponemos alternativas/solucións: “Para solucionar esta situación, eu necesitaría...” Acordamos unha solución na que gañemos as dúas persoas en conflito. A persoa que observa recolle por escrito o acordo.

No caso de que o conflito se produza no patio, proporáselles que traten de chegar a un acordo de forma pacífica no propio patio. Se non acadan un acordo, trasladarase ó/á titor/a, que decidirá os pasos a seguir.

### **Compromiso de convivencia e contrato**

**O compromiso** (Anexo I) irá dirixido a casos de alumnado:

- Que habitualmente non acepta as normas na aula ou no centro
- Con moitas faltas de asistencia que dificultan o seu desenvolvemento académico e integración .
- Con problemas de atención e aprendizaxe que inflúan no seu comportamento.

Con este instrumento poderemos tratar problemáticas relacionadas con:

- Asistencia ao colexio
- Asistencia co material escolar preciso
- Realización de tarefas na casa
- Comportamento

Pasos para o seu desenvolvemento:

- O titor/a subscribe o compromiso por propia iniciativa, por suxestión do equipo docente ou da familia.
- No Compromiso estableceranse os obxectivos, as medidas, as obrigacións de cada parte, as datas de revisión e de contacto coa familia, así como os procedementos para valorar a efectividade. Informarase ao equipo educativo e á xefatura de estudos.
- Cada mestre ou mestra valorará o comportamento durante a súa hora de clase, podendo realizar observacións.

## **Contrato**

A súa finalidade é a mesma que o compromiso, pero para incidir en aspectos de conduta e de realización de tarefas académicas. Tamén precisa, non só o compromiso do neno ou nena, senón tamén da familia. Un exemplo móstrase no Anexo II.

### **4.4. MEDIACIÓN ESCOLAR**

O Decreto 8/2015 de convivencia escolar contempla a mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Nos supostos menos graves de situación de acoso, poderase favorecer a mediación realizada por alumnado do centro educativo que estivese formado para a intervención nestas situacións.

En caso de decidir a implantación teremos en conta:

- Será alumnado de 5º e 6º quen realice esta mediación.
- A participación será voluntaria e requirirá unha formación previa.
- As partes en conflito deben decidir se queren a mediación.
- Será o D.O. quen faga a organización e seguimento.

### **4.5. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA**

O Decreto 8/2015 contempla a creación de aulas de convivencia inclusiva para substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución de atender a un alumno/a nesta aula, garantindo o trámite de audiencia ás familias.

Sería o profesorado de garda o que atendería a este alumnado e o departamento de orientación determinaría as actuacións encamiñadas a favorecer o proceso de reflexión por parte do alumno/a sancionado/a. Deberíamos contar cun espazo para tal fin que habería que determinar e no noso centro será complicado atopalo debido á falta de aulas extra.

## **5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.**

A nosa referencia neste apartado será o Protocolo de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sinalaremos a continuación algúns dos aspectos máis básicos sobre o acoso.

### **5.1. IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os criterios son:

- **A existencia de intención de facer dano.**

Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

- **A repetición das condutas agresivas.**

- A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.

- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

- É un tipo de violencia difícil de identificar debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, mentres que o alumnado ten coñecemento dos sucesos.

- **A duración no tempo.**

- Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

- Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si

mesma da situación.

## 5.2. TIPOS DE ACOSO ESCOLAR

Para poder identificar unha situación de acoso é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes tipos ou manifestacións do acoso (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinação social	Activa	▪ Non deixar participar.
	Pasiva	▪ Ignorar.
Agresión verbal	Directa	▪ Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	▪ Falar mal de alguén ás súas costas.
Agresión física	Directa	▪ Pegar.
	Indirecta	▪ Agachar cousas. ▪ Romper cousas. ▪ Roubar cousas.
Maltrato	Mixto	▪ Ameazar para meter medo. ▪ Ameazar con armas. ▪ Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	▪ Actos.



	Acoso sexual verbal	Comentarios

### 5.3. CONSECUENCIAS DO ACOSO ESCOLAR

Respecto da vítima, son múltiples os síntomas que pode sufrir, pero fundamentalmente concréntanse nunha perda de confianza e autoestima, fobia ao centro, ansiedade e depresión e incluso problemas físicos como consecuencia da somatización. Para a identificación destes síntomas resulta fundamental a colaboración das familias.

As consecuencias que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- **Para a vítima:** pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- **Para a/s persoa/s agresora/s:** pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha sobrevaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- **Para os/as compañeiros/as observadores/as:** pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelaxe equivocada da valía persoal.

O acoso entre escolares é utilizado polos agresores como unha forma de demostrar o seu poder, utilízano sempre con persoas que saben que non se van defender.

Para erradicar as situacións de acoso escolar, e seguindo a Díaz Aguado, debemos ter presente o seguinte:

- Intervir ao primeiro sinal, para que a violencia non sexa grave nin se repita.
- A amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
- Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva, que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

## **5.4. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

Seguiremos de acordo coas fases e actuacións establecidas no protocolo de *Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso*. En todo caso daremos os seguintes pasos ante unha situación de acoso:

1. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.
2. Recollida de información e rexistro.
3. Análise da información e adopción de medidas.
4. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

## **5.5 ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN**

### **A. ESTRATEXIAS ORGANIZATIVAS E DE PREVENCIÓN NO CENTRO**

- As NOF son o noso referente e conteñen medidas organizativas de prevención.
- Difusión entre o alumnado o outros membros da comunidade educativa destas normas e dos seus dereitos e deberes.
- Potenciar o funcionamento da comisión de convivencia do centro.

### **B. ESTRATEXIAS DE PREVENCIÓN NA AULA**

- Realizar actividades de titoría onde se aborden temas relacionados co acoso: sensibilización fronte ao maltrato, análise das relacións interpersoais, etc.
- Manter dende a titoría contactos periódicos coas familias para compartir información e colaborar ante calquera situación de risco que se produza.
- Utilizar sesións de titoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso.
- Seguimento do clima relacional da aula.

## **6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E PROTOCOLO QUE CONTRIBÚA Á DETECCIÓN DO SEU INCUMPRIMENTO**

Nas Normas de Organización e Funcionamento concréntanse as normas de convivencia do centro e os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa. Estas normas estarán a disposición de calquera integrante da comunidade educativa.

## **7. ESTABLECEMENTO DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E DAS CORRECCIÓNS CORRESPONDENTES**

Tamén se recollen nas Normas de Organización e Funcionamento as condutas contrarias á convivencia e as correccións correspondentes de acordo co disposto no Decreto 8/2015.

Poderase utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre os membros da comunidade educativa.

Mediación escolar.

## **8. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

### Funcións da comisión

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

#### Integrantes

A comisión está formada pola directora, a xefa de estudos, dúas mestras (sendo unha delas a xefa do departamento de orientación), un pai e unha nai e a conserxe do centro.

#### Reunións

Celebraranse polo menos unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, valorar as actuacións e programar estratexias de mellora para a convivencia.

A comisión elaborará un plan de actuación ao comezo de cada curso e unha memoria final ao remate onde se valoren as actuacións desenvolvidas no período e se propoñan melloras.

### **9. DIFUSIÓN DO PLAN**

O plan de convivencia estará a disposición de toda a comunidade educativa. Ao comezo de cada curso informarase a través dunha circular da súa existencia e do modo de consultalo. Unha das posibles formas de difusión podería ser a través dunha reunión coas familias ao comezo de vindeiros cursos, onde o equipo directivo e a orientadora do centro explicarían á comunidade educativa o contido deste.

A comisión poderá determinar outras posibles actuacións encamiñadas a dar a coñecer este plan e as

normas de convivencia do centro a todos os implicados.

## **10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

Será función da Comisión de Convivencia o seguimento e avaliación do plan no transcurso das reunións programadas ao longo do curso. Nestas sesións analizaranse as incidencias en materia de convivencia así como as actuacións desenvolvidas e os seus resultados.

Todos os sectores da comunidade educativa (equipos docentes, claustro de profesores, ANPA, ...) poderán participar neste seguimento e avaliación e facer propostas de mellora a esta comisión de convivencia.

Ao final de cada curso elaborárase unha memoria de acordo cos datos e conclusións obtidos neste proceso de seguimento así como unha proposta de mellora para o seguinte curso. Esta memoria presentárase ante o consello escolar que deberá aprobala e pasará a formar parte da memoria anual do centro.

Como observación final, consideramos que este é un documento dinámico que poderase ir completando e ampliando co traballo anual da Comisión. Cada curso poderíase profundizar nun determinado aspecto ou aspectos segundo as necesidades e circunstancias que vaian xurdindo (p. ex. homofobia, identidade de xénero, acoso,...).

# ANEXOS

## ANEXO I

### MODELO DE COMPROMISO

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
pai/nai/titor legal de \_\_\_\_\_,  
alumno/a deste centro, escolarizado no curso \_\_\_\_\_  
e D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_,

titor/a do alumno/a no centro, comprométense a:

#### *Compromisos que adquiere a familia*

Asistencia diaria e puntual do/a alumno/a ó centro.

-Asistencia ó centro cos materiais necesarios para traballar en clase.

-Colaboración para a realización das tarefas propostas para a casa.

-Colaboración co centro para modificar a conduta e no seguemento dos cambios que se produzan.

-Entrevista semanal/quincenal/mensual co titor/a.

- Outros:

#### *Compromisos que adquiere o centro*

-Control diario e informar inmediatamente á familia

-Seguementos dos cambios que se produzan e informar á familia

-Aplicación de medidas preventivas para mellora-la súa actitude

-Entrevista coa familia coa periodicidade establecida

-Outros:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de\_\_

O Titor/a

A familia (Pai/Nai/titor/a)

Vº Pº Xefe/a de estudos/Director/a

## **ANEXO II**

### **MODELO DE CONTRATO**

Eu, \_\_\_\_\_, comprométome a:

1. Rematar as tarefas que me mande a mestra en cada clase.
2. Si non as fago en clase, rematarei as que se me diga na casa.

Cando faga isto :

1- A mestra escribirame unha nota de felicitación (no caderno/en folla aparte) para levar á casa (diariamente/cada certo número de días).

2. Recibirei puntos que poderei cambiar por:

Os pais comprométense a:

1. Revisar a “ficha” diariamente.
2. Obrigalo a facer os traballos pendentos.
3. Concederlle os reforzos que ganou (diariamente/semanalmente).

O contrato será revisado cada \_\_\_\_ días.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: O neno

Asdo.: A nai

Asdo.: A mestra

Nome:

Nome:

Nome: